



**Lugo, 12 de xuño de 2012.-** O vindeiro domingo, 17 de xuño, remataremos a campaña de roteiros de ADEGA Lugo 2011-2012 percorrendo a Serra do Galiñeiro. Trátase dun lugar cheo de lendas e tamén cun rico patrimonio noutros aspectos: arqueolóxico, xeolóxico, biolóxico, etc. Estes valores abondarían para que a Serra fora incorporada ao Parque Natural do Monte Aloia. Pola contra, son moitas as agresións que poñen en perigo a súa riqueza: canteiras, vertedoiros, pistas, proxecto de instalación dun parque eólico, etc. Subiremos á Serra desde o lugar de Vincios (Gondomar) e realizaremos un percorrido circular de 10 km e de dificultade media acompañados pola Plataforma pola defensa da Serra do Galiñeiro. Descárrega o [CARTAZ](#).

Os roteiros de ADEGA Lugo 2011-2012 dedicados á Galiza Máxica rematan este domingo 17 de xuño na Serra do Galiñeiro. A serra do Galiñeiro é un lugar natural de encontro dos concellos de Vigo, Gondomar, Mos, O Porriño e Tui, e é un lugar senlleiro polos seus valores naturais, culturais, sociais e económicos, que che referimos no seguinte [DÍPTICO](#).

O percorrido será circular e de 10 quilómetros aproximadamente. Preme [AQUI](#) para ver o croquis da ruta.

**SAÍDAS DE BUSES:** □□□□□□

**LUGO:** desde a Facultade de Formación do Profesorado ás 8.00 h.

**COMPOSTELA:** desde o Pazo de Congressos ás 9:30 h.

**VINCIOS:** desde a saída da autopista AG-57 ás 11:00 h.

Imprescindible anotarse chamando ao **679113718** ou ao **982240299**.

▣ **PREZOS:**

Xeral..... 15 €

Estudantes, xubilados/as e no paro.....12 €

Socios/as..... 10 €

Ata 17 anos..... 5 €

▣

Máis info: [roteirosadegalugo.blogaliza.org](http://roteirosadegalugo.blogaliza.org)